





European Heritage Days

Jornadas Europeas
de Patrimonio



XORNADAS EUROPEAS DE PATRIMONIO 2026

PATRIMONIO EN RISCO:
REVIVIR,
RESISTIR,
REIMAXINAR.



PROGRAMA

SÁBADO 19 SETEMBRO

**CAMBIO CLIMÁTICO: PATRIMONIO
COSTEIRO BAIXO AMEAZA.**

Visita guiada ao xacemento de Adro Vello na
praia do Carreiro, O Grove, Pontevedra

VENRES 9 OUTUBRO

URBANISMO E DESENVOLVEMENTO

Actividade de descubrimento patrimonial
para escolares, Santiago de Compostela

SÁBADO 17 OUTUBRO

**TRADICIÓNS E PRÁCTICAS: REVITALIZACIÓN
DE ARTESANÍAS**

Obradoiro sobre tecido tradicional galego, Museo do
Pobo Galego, Santiago de Compostela

VENRES 13 NOVIEMBRO

**CAMBIO CLIMÁTICO: PATRIMONIO
ARQUEOLÓXICO EN RISCO**

Xornada científica, Auditorio do Museo das
Peregrinacións e da Cidade, Santiago de Compostela



XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo  2027

XORNADAS EUROPEAS DE PATRIMONIO 2026

I. PROGRAMA DE ACTIVIDADES PROMOVIDAS POLA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

SÁBADO 19 DE SETEMBRO

CAMBIO CLIMÁTICO: PATRIMONIO COSTEIRO BAIXO AMEAZA.

Visita guiada ao xacemento de Adro Vello na praia do Carreiro, O Grove, Pontevedra

O xacemento de Adro Vello atópase no concello pontevedrés do Grove, concretamente na parroquia de San Vicente do Grove, ao pé da praia do Carreiro. Trátase dun asentamento complexo cunha superposición de estruturas de cronoloxía e funcionalidades diferentes, como unha fábrica de salgadura de época romana datada entre os séculos I e IV d. De C., ou unha necrópole de exhumación que vai desde o século V-VII ata o século XVIII.

O xacemento foi declarado Ben de Interese Cultural coa categoría de zona arqueolóxica en 2023 polos seus valores arqueolóxicos, históricos, paisaxísticos e socioculturais e ademais é un recurso cultural visitable que se atopa suxeito para os efectos do cambio climático, especialmente a subida do nivel do mar e o aumento na frecuencia de eventos meteorolóxicos adversos.

- **Horario:** 11,00 h.-13,00 h
- **Colaboradores:**
 - **Marcos Lado Liñares (UDC):** lidera o proxecto da Universidade da Coruña de monitorización dos xacementos arqueolóxicos costeiros afectados polo cambio climático, falará dos efectos do cambio climático no xacemento.
 - **Adolfo Fernández Fernández:** Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade y Territorio (GEAAT) da Universidade de Vigo, explicará as investigacións que se están a realizar no xacemento.

SÁBADO 17 DE OUTUBRO**TRADICIÓNS E PRÁCTICAS: REVITALIZACIÓN DE ARTESANÍAS****Obradoiro sobre tecido tradicional galego, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela**

O das tecedoras era un traballo realizado no ámbito doméstico e pouco visibilizado, con todo as súas obras esixen un dominio de técnicas moi complexas e destilan unha gran capacidade creativa. O obradoiro desenvolverase ao redor dunha mesa de traballo sobre a que se expoñerán distintos materiais (ferramentas, téxtiles, bibliografía, citas textuais de entrevistas de campo, fotografías, etc) que servirán de punto de partida para facer unha reflexión conxunta sobre o contexto histórico e social, o vocabulario, os termos e definicións, as técnicas, os materiais, as ferramentas, etc.

- **Duración:** 11,00 h.-14,00 h.
- **Colaborador:**
 - **Manuel Rodríguez Calviño**, arqueólogo e historiador, é experto en sistemas de produción doméstica en Galicia e creador do proxecto: "TECEDEIRAS: arte e talento na sombra", cuxo obxectivo é visibilizar o papel das tecedeiras galegas como grandes creadoras artísticas. Ao longo de case 30 anos de investigación sobre a produción téxtil en Galicia conseguiu crear unha importante colección con máis de 100 cobertores procedentes de distintos lugares da xeografía galega na que se representan todos os tecidos, técnicas e materiais empregados ata a metade do século XX.

VENRES 13 DE NOVEMBRO

CAMBIO CLIMÁTICO: PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO EN RISCO

Xornada científica, Auditorio do Museo das Peregrinacións e da Cidade, Santiago de Compostela

Presentaranse comunicacións sobre os efectos do cambio climático sobre o patrimonio arqueolóxico. Concretamente abordaranse cuestións como os efectos adversos, as ameazas e os métodos para contrarrestalas, así como as estratexias de conservación preventiva sobre xacementos arqueolóxicos na costa, patrimonio arqueolóxico subacuático e patrimonio arqueolóxico afectado por incendios forestais.

- **Programa:**

- 9,00 h. Conferencia inaugural.
- 9,30 h.-10,15 h. **Adolfo Fernández Fernández**, Universidade de Vigo.

Comunicación sobre o proxecto SENTINELA deseñado para controlar e medir o impacto da subida do nivel do mar e o cambio climático nos xacementos costeiros. O proxecto está enfocado no xacementos arqueolóxicos do Parque das Illas Atlánticas, especialmente as factorías de salazón romanas das illas de Ons e Sálvora.

- 10,15 h.-11,00 h. **Marcos Lado Liñares**, Universidade da Coruña.

Comunicación sobre o proxecto de investigación adicado a avaliar os efectos do cambio climático en xacementos arqueolóxicos costeiros mediante tecnoloxía LIDAR co obxectivo de crear modelos exactos do terreo e medir a erosión mariña e a subida do nivel do mar. Este proxecto ten como obxecto de estudo o castro de Baroña (Porto do Son), o xacemento de Adro Vello (O Grove), o illote de Guidoiro Areoso (Illa de Arousa) e o xacemento de Igrexa Vella (Mañón).

- 11,00 h.-11,30 h. Preguntas.
- 11,30 h.-12,00 h. Coffee Break.
- 12,00 h.-12,45 h. **Miguel San Claudio Santa Cruz**, especialista en arqueoloxía subacuática.

Comunicación sobre cambio climático e patrimonio arqueolóxico subacuático en risco en Galicia.

- 12,45 h.-13,30 h. **Fernando Carrera Ramírez**, arqueólogo e restaurador, o seu traballo científico enfócase no estudo, xestión de riscos e preservación de xacementos arqueolóxicos prehistóricos.

Comunicación sobre patrimonio arqueolóxico en risco polos efectos dos incendios forestais. A arte rupestre.

- 13,30 h.-14,00 h. Preguntas e conclusións da xornada.